



Código do documento	Código do expediente
USG12100CC	USG/2018/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
0K42 463U 2W2I 584H 0HAF	

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 16 DE ABRIL DE 2018.

### **PRESIDENTE:**

O alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos

### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Guadalupe Pombo Carril  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Varela Corbelle  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Iglesias Becerra  
D. Miguel Suárez García  
D<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Figueroa Fuentes

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro

### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup> Pilar M<sup>a</sup> Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e dez minutos do día dezaseis de abril do ano dous mil dezaoto, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos (resolución do día 16 de abril de 2018) e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Guadalupe Pombo Carril, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a interventora municipal, D<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Pilar M<sup>a</sup> Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 9 DE ABRIL DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de abril de dous mil dezaoto, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 9 de abril de 2018.

### 2.- PROPOSTAS.

#### 2.1.- PROPOSTA RELATIVA A RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN ESPECIAL DE EQUIPAMENTO EN SOLO RÚSTICO SPORTING CLUB CASINO.

A Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do Sr. concelleiro delegado da Área de Urbanismo, de data 16 de abril de 2018, que transcrita literalmente di:

**"Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo á Xunta de Goberno Local para a aprobación provisional do "Plan especial de equipamento en solo rústico do Sporting Club Casino", a súa remisión ao órgano competente en materia de urbanismo (Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio) e a desestimación das alegacións que se achegaron durante o trámite de información pública.**

D. Juan José Medín Guyatt, na condición de Presidente do Sporting Club Casino da Coruña, achegou o "Plan especial de equipamento en solo rústico do Sporting Club Casino".

O expediente tramitouse segundo o que dispoñen o artigo 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG) e o artigo 186 do Decreto 13/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante RLSG).



Código do documento	Código do expediente
USG12I00CC	USG/2018/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
0K42 463U 2W2I 584H 0HAF	

Na sesión ordinaria que celebrou a Xunta de Goberno Local o 29.05.2017 aprobouse de forma inicial o "Plan especial de equipamento en solo rústico do Sporting Club Casino" que redactaron os arquitectos D. José Manuel Varela Castro e D. Antonio J. Ferreiro Novo en febreiro de 2017, acordouse sometelo ao trámite de información pública polo prazo de dous meses mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e nun dos diarios de maior difusión da Provincia así como notificalo de forma individual a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Solicitaronse os informes sectoriais preceptivos, durante o trámite de información pública, segundo o que dispón o artigo 75.1.b da LSG. Con respecto aos informes que se solicitaron cabe sinalar que o 08.11.2017 solicitouse un informe á Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Augas de Galicia, solicitude que entrou o 13.11.2017 no Rexistro xeral da Xunta de Galicia (Portelo Único), entrada 1319/RX2787068, no expediente non consta o informe que se solicitou. Ao respecto, o artigo 75.1.b dispón que "Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderase emitidos con carácter favorable".

No expediente constan as contestacións ao resto dos informes que se solicitaron, cabe precisar que ao informe da Deputación Provincial da Coruña, no que se concluíu (...)este Servizo informa favorablemente, no que respecta á Rede Provincial de Estradas, o Plan presentado, a condición de que se teña en conta o plano ORD-04 modificado (...), non se acompañou o plano que se cita, plano que se lle requiriu á Deputación Provincial e que despois do seu envío consta no expediente (folio número 526) e substitúe ao plano de "zonificación", ORD-04, do documento que se aprobou inicialmente (folio número 377 do expediente).

No expediente constan os informes do xefe do Servizo de Arquitectura e Urbanismo, que emitiu o 05.12.2016 o 31.03.2017 e o 24.10.2017, e os que emitiu o Asesor Xurídico, co visto e bó da xefe da Asesoría Xurídica, o 06.02.2017 e o 16.02.2018.

Durante o trámite de exposición pública presentáronse as seguintes alegacións:

- Alegación de D<sup>a</sup>. Margarita Traspuerto Suárez do 07.08.2017 co número do rexistro 2017/7415.
- Alegación de D. Carlos Velo López do 11.08.2017 co número do rexistro 2017/7517).

Tendo en conta as consideracións e os informes que se citan,

**Propónse á Xunta de Goberno Local** a aprobación do seguinte acordo:

Primeiro.- Desestimar as alegacións que formularon D<sup>a</sup>. Margarita Traspuerto Suárez e D. Carlos Velo López.

Segundo.- Aprobar provisionalmente o "Plan especial de equipamento en solo rústico do Sporting Club Casino", coa substitución do plano de "zonificación", ORD-04 (folio número 377 do expediente) polo plano modificado para informe sectorial da Deputación Provincial da Coruña, plano de "zonificación", ORD-04 (folio número 526 do expediente).

Terceiro.- Remitir unha copia do expediente completo debidamente dilixenciado ao órgano competente en materia de urbanismo (Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio) para o seu informe preceptivo,"

Consta no expediente informe de Secretaría de de data 11 de abril de 2018 (Código de documento USG12I00BZ).

Ao non producirse intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. concelleiro delegado de Urbanismo, de data 16 de abril de 2018, que resulta aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do Sr. concelleiro delegado de Urbanismo, de data 16 de abril de 2018, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.



Código do documento	Código do expediente
USG12100CC	USG/2018/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
0K42 463U 2W2I 584H 0HAF	

### 3.- DACIÓNS DE CONTA.

#### 3.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

##### Publicacións:

- Anuncio do día 5 de abril de 2018, do Concello de Culleredo, de convocatoria do procedemento selectivo para a cobertura de dúas prazas de policía local polo sistema de mobilidade e polo procedemento de concurso, DOG núm. 71 do 12-04-2018.
- Anuncio do 5 de abril de 2018, do Concello de Culleredo, de convocatoria do procedemento selectivo para cubrir, por promoción interna, unha praza de inspector/a de policía local. DOG núm. 71 do 12-04-2018.
- Orde do 27 de marzo de 2018, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento BS700A). DOG núm. 72 do 13-04-2018.
- Anuncio do 9 de abril de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á asunción polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego A. Taibo Monelos, das funcións da alcaldía o día 3 de abril de 2018 de 13.00 a 15.00 horas. BOP núm. 71 do 16-04-2018.
- Anuncio do 9 de abril de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira D<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre L.C.I e J.C.C. o día 07-04-2018 ás 13.30 horas. BOP núm. 71 do 16-04-2018.

C.I.F. P-1503100-H

#### 3.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

3.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

<b>**PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013</b>					
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
12/02/2018	212	Concesión axuda económica.	M.E..G.C.	Pago de aluguer correspondente aos meses de setembro(125€), outubro(125€), novembro(125€), decembro(125€) de 2017, xaneiro(125€), febreiro(125€), marzo(125€), abril(125€) e parte de maio(65€)de 2018 .	1.065€



Código do documento	Código do expediente
USG12100CC	USG/2018/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
0K42 463U 2W2I 584H 0HAF	

C.I.F. P-1503100-H

09/03/2018	343	Autorización, disposición, recoñecemento, e orden de pago	T.S.R.	Hipoteca correspondente aos meses de xaneiro (144,49 €), febreiro (144,49 €), marzo (144,49€), abril (142,45€), maio (142,45€), xuño (142,45€) e parte de xullo (124,57€)  Recibo de electricidade correspondente aos periodo do 11 de maio ao 12 de xuño de 2017 (23,80€) e do 12 de xuño ao 12 de xullo de 2017(55,81€).	
12/03/2018	350	Autorización, disposición, recoñecemento, e orden de pago	J.M.Q.S.	Recibo de auga correspondente ao periodo do 4º trimestre de 2016 (65,64 €), 1º trimestre (65,84 €) e 3º trimestre de 2017 (66,56 €), e os recibos de electricidade correspondente aos meses de novembro (50,08 €) e decembro (60,68 €) de 2016, e xaneiro (80,71 €), febreiro (95 €), marzo (146,12 €), abril (54,21 €), maio (52,71 €), xuño (57,22 €), xullo (59,82 €), agosto (69,20 €), setembro (52,42 €) e outubro (57,05 €) de 2017.	
16/03/18	371	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.T.P.	Recibos de comunidade correspondente aos meses de agosto (30€), setembro (30€) e outubro (25,5€) de 2017.	
16/03/18	373	Conceder unha axuda económica.	L.S.R.	Pago de hipoteca correspondente aos meses de xaneiro a marzo de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 355 €.	1.065,00 €
21/03/2018	386	Corrección de erros	P.M.L.A.	Corrixir o pé de firma da	

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I00CC</b>	<b>USG/2018/50</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0K42 463U 2W2I 584H 0HAF	

C.I.F. P-1503100-H

				resolución nº 104/18 de data 22/01/2018 no sentido de onde di: "P.D. (Resolución de 19.06.2015 BOP nº 123 de 02.07.2015)" debe decir "P.D. (Resolución da Alcaldía nº 1935 do 10/11/2017, BOP núm. 218 do 16/11/2017).	
21/03/18	387	Extinción axuda económica	M.C.R.A.	<i>EXTINGUIR a axuda a por cambio na situación económica e polo tanto perda dun dos requisitos de acceso as prestacións por Art. 21.2.b) do Regulamento de acceso as prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) (BOP nº 242 de 20/12/2013. "Son causas de extinción da axuda: b) Perda dalgún requisito". "A solicitante tivo un ingreso económico de 6910,54€"</i>	
21/03/2018	389	Denegar axuda económica	E.F.S.P.	<i>As axudas para bono de Abono recibo aluguer por Art. 21.c) "Non ter cumpridas outras obrigas derivadas de calquera programa ou prestación da Área de Benestar Social, com indicación expresa da mesma, tendo presunción de certeza o expresado polos técnicos sociais informantes no procedemento, salvo proba en contrario". A solicitante non acudiu ás citas para actualizar a situación laboral e económica.</i>	
23/03/18	406	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.M.P.	Pago do recibo de luz, sendo o importe da factura de 81,48€ correspondente ao período de 16 de outubro	27,16 €



Código do documento	Código do expediente
USG12100CC	USG/2018/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0K42 463U 2W2I 584H 0HAF	

C.I.F. P-1503100-H

				de 2017 a 31 de outubro de 2017.	
				Pago do recibo de gas , sendo o importe da factura de 70,13€ correspondente ao período do 07 de outubro de 2017 a 31 de outubro de 2017 que lle será aboado, mediante talón bancario nominativo.	35,06€
23/03/18	407	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	D.D.F.T.	Pago do recibo de transporte correspondente ao mes de febreiro de 2018, que lle será aboado mediante talón bancario nominativo.	30,33 €
23/03/18	408	Conceder unha axuda económica.	B.S.E.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a marzo de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 300 €.	900,00 €
				Recibo de auga correspondente ao terceiro e cuarto trimestre de 2017 mediante folia de pedido e pago ao proveedor.	149,27€
23/03/18	410	Conceder unha axuda económica.	E.C.L.	Pago do recibo de auga por un importe correspondente ao 4º trimestre de 2017, e 1º, 2º e 3º trimestre de 2018, que lle será aboado mediante talón bancario nominativo ou pago ao proveedor.	
				Pago recibo de luz correspondente aos meses de xaneiro a outubro de 2018, que lle será aboado mediante talón bancario nominativo.	
				Bono de alimentos tipo B e bono de hixiene tipo B durante seis meses e	

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12100CC</b>	<b>USG/2018/50</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)  0K42 463U 2W2I 584H 0HAF	

C.I.F. P-1503100-H

				cunha entrega mensual.	
23/03/18	411	Conceder unha axuda económica.	S.P.F.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a marzo de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo por un importe mensual de 300 € e o mes de abril por un importe mensual de 165 €.	1.065,00 €
23/03/18	414	Denegar unha axuda económica.	P.P.P.	Denegar a axudas para bono de recibo de hipoteca por superar a unidade familiar os ingresos marcados no art. 5.2. do Regulamento de acceso as prestacións económicas en situación de emerxencia ou urxente necesidade social (BOP nº 56 de 23/03/2011).	
26/03/18	418	Conceder unha axuda económica.	E.P.M.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a abril de 2018 e que lle será aboada mediante talón bancario nominativo por un importe mensual de 220 e parte do mes de maio por un importe de 185 €.	1.065,00 €
26/03/18	419	Declarar o desestimento do procedemento.	R.M.C.M.	Declarar o desestimento das axudas solicitadas para pago de recibo aluguer.	
28/03/18	430	Conceder unha axuda económica.	Z. A. B. J.	Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo e abril por un importe de 375 € e o mes de maio por un importe de 315 € de 2018.	1.065,00 €
28/03/18	431	Conceder unha axuda económica.	S.S.S.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a abril de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo por un importe mensual de 250 €.	1.000,00 €
3/04/2018	439	Conceder unha axuda	J.C.B.	Aluguer correspondente	1.065€



Código do documento	Código do expediente
USG12I00CC	USG/2018/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
0K42 463U 2W2I 584H 0HAF	

		económica.		aos meses novembro(350€), decembro(350€) de 2017, xaneiro(350€) e parte de febreiro(15€) de 2018.	
--	--	------------	--	---	--

**\*TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidade (BOE nº 309 de 23 de dicembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
19/03/18	379	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	M.G.P.	10 anos.

3.2.2.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

**"ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN:**

**EDUCACULLEREDO 2017/2018**

**Actividade: Obradoiro de reciclaxe: ReciclaRTE.**

Programa: Educación ambiental.  
Datas: 16 e 17 de abril.  
Horario: de 9:00 a 14:00 h.  
Colexios participantes: CRA Culleredo, Ría do Burgo e A Ponte Pasaxe.  
Curso: 4º, 5º e 6º de Educación Infantil.  
Lugar: Aulas.  
Participantes: 225.

**Actividade: Día da Terra: roteiro guiado polos hortos municipais.**

Programa: Educación ambiental.  
Datas: 20 de abril.  
Horario: de 10:30-13:30 h.  
Colexios participantes: Ría do Burgo.  
Curso: 1º de Educación Primaria.  
Lugar: Xardín Botánico.  
Participantes: 50.

**OUTRAS ACTIVIDADES:**

**XIX Mañás de campamento: campamentos que concilian 2018.**

Remate do prazo de solicitudes de praza: o 16 de abril.

**ACTIVIDADES CULTURAIAS**

**LUNS 16 DE ABRIL**





Código do documento	Código do expediente
USG12I00CC	USG/2018/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
0K42 463U 2W2I 584H 0HAF	

Aula de Natureza do Xardín Botánico.  
Exposición de bonsáis. Ata o 22

XOVES 19 DE ABRIL

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo.  
*Obradoiro de cociña.*  
Dúas quendas: ás 17.00 h e ás 19.00 h.  
De 7 a 12 anos. Previa inscrición (na mesma semana).

XOVES 19 DE ABRIL

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:  
Tertulia de Arte: *O xardín como metáfora visual*, con Luisa Valdés.  
Entrada libre.

XOVES 19 DE ABRIL 2018

Conservatorio de Música de Culleredo. 19.00 h:  
CULLENCONTROS EN 44:05. Charla co compositor Juan Durán.  
Entrada libre.

VENRES 20 DE ABRIL DE 2018

Conservatorio de Música de Culleredo. 19.00 h:  
CONCURSO. BANDAS SONORAS.  
Organiza: ANPA do Conservatorio. Entrada libre.

VENRES 20 DE ABRIL

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:  
Obradoiro de contos: *Quérote (case sempre)*.  
De 5 a 8 anos. Previa inscrición (na mesma semana).

VENRES 20 DE ABRIL

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:  
Leo Bassi: *El último bufón*.  
Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.

DOMINGO 22 DE ABRIL 2018

Conservatorio de Música de Culleredo. 12.00 h:  
CULLEREDO SOA OS DOMINGOS: Función "O xardín de Margarita". Entrada libre.

DOMINGO 22 DE ABRIL

Xardín Botánico do Burgo. De 10.30 a 13.30 h.  
Obradoiro de coidado de bonsáis, a cargo da Asociación Bonsai Coruña.  
Segunda quenda."

3.2.- SENTENZA 9/2018 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA. PROCEDEMETO ABREVIADO 147/2017-M.

Dáse conta polo Sr. alcalde en funcións da sentenza núm. 9/2018 do 26 de marzo de 2018, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, Procedemento Abreviado 147/2017-M, interposto pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS TIERNO GALVÁN 24, recurso contra o Concello de Culleredo por responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados nos garaxes e trasteiros, a sentenza desestima o recurso contencioso-administrativo interposto. A sentenza é firme, non cabe interpoñer ningún recurso ordinario. Impóñense as custas xudiciais ao demandante.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00CC	USG/2018/50
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
0K42 463U 2W2I 584H 0HAF	

**3.4.- SENTENZA 31/2018 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 4 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 287/2016.**

Dáse conta polo Sr. alcalde en funcións da sentenza 31/2018 do 20 de marzo de 2018, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña, Procedemento Ordinario 287/2016, interposto por M.C.L.P., recurso contra o Concello de Culleredo por responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados por unha caída na rúa, a sentenza estima parcialmente o recurso. A sentenza non é firme, cabe interpoñer recurso de apelación. Non se impoñen custas xudiciais.

**4.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

**5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace  
O alcalde en funcións

C.I.F. P-1503100-H

Diego Antonio Taibo Monelos

PILAR MARÍA PASTOR NOVO  
Secretaria Xeral  
19/04/2018 09:09

DIEGO ANTONIO  
TAIBO MONELOS  
Alcalde en funcións  
19/04/2018 11:47